

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO TERCEIRO
TRIMESTRE
3º ED. PRIMARIA**

**CEIP JOSÉ MARÍA LAGE
(ORTIGUEIRA – A CORUÑA)
CURSO 2019 – 2020**

**Antonia Fraguela Pérez, titora de 3º A
Mª Isabel Rodríguez Rey, titora de 3º B**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	3
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS DISTINTAS DISCIPLINAS.....	4
METODOLOXÍA E ACTIVIDADES.....	13
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	14
AVALIACIÓN.....	15
MÍNIMOS ESIXIBLES E PROMOCIÓN.....	15
AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	19
INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.....	19

INTRODUCCIÓN

Esta programación está deseñada para levar a cabo ao longo do terceiro trimestre do curso 2019-2020 no terceiro nivel de Educación Primaria do C.E.I.P José María Lage de Ortigueira.

A programación didáctica aparece organizada por áreas de coñecemento. Establécense para cada unha delas uns criterios de avaliación e uns estándares de aprendizaxe a traballar.

Ao mesmo tempo establécense os criterios de promoción a cuarto nivel e a avaliación das competencias básicas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS DISTINTAS DISCIPLINAS

CIENCIAS DA NATUREZA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.
- Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado da auga e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.
- Realizar mesturas sinxelas con sustancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno, achegando conclusións sobre os resultados.
- Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e observar o seu uso na vida cotiá.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Coñece algunha fontes de enerxía, os seus usos e as súa intervención na vida cotiá.
- Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.
- Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotiá.
- Realiza experiencias sinxelas para identificar as forzas que fan que os obxectos se movan en situacións reais.
- Compara densidade de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga.
- Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e presenta conclusións dos resultados.
- Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá.
- Identifica e describe os oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.
- Aplica os coñecementos ao deseño e construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar,...

CIENCIAS SOCIAIS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna próxima a través da interpretación dun mapa mental.
- Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística de Galicia respectando as diferenzas.
- Comprender os principais conceptos básicos demográficos, a través da realización do estudo demográfico da poboación no contexto do centro educativo, representar os datos en gráficas básicas e comunicar os resultados.
- Distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocialos aos diferentes sectores produtivos e económicos da zona.
- Coñecer as normas básicas e sinxelas de circulación e utilízalos como persoa usuaria de medios de transporte.
- Coñecer as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos relevantes de Galicia.
- Recoñecer algúns restos ou acontecementos da Prehistoria e Idade Antiga (culturais, artísticos e feitos) que evidencien o paso do tempo en Galicia e permitan situalos temporalmente no transcurso da historia.
- Recoñecer algúns vestixios do pasado, presentes na contorna próxima, como fontes históricas para coñecer o pasado e como elementos integrantes da contorna actual.
- Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.
- Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural
- Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e os representa en gráficas sinxelas.

- Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.
- Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.
- Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C
- Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado da súa contorna datando os comezos finais das épocas estudadas.
- Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia, describindo algunha característica fundamental.
- Distingue entre prehistoria e historia recoñecendo a importancia das manifestacións escritas como avances que supoñen a transición entre esas épocas.
- Describe algúns aspectos relacionados coa forma de vida e as estruturas básicas de organización social da cultura castrexa.
- Identifica algúns vestixios do pasado na contorna e recoñece o seu valor como fonte histórica.
- Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.
- Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.
- Utilizar de forma efectiva a linguaxe oral: escoitar e preguntar.
- Ler en voz alta e en silencio, diferentes tipos de textos sinxelos de carácter infantil.
- Comprender os distintos tipos de textos adaptados á idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.
- Producir textos sinxelos segundo un modelo con intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.

- Usar unha linguaxe respectuosa coa diversidade, evitando expresións discriminatorias e prexuízos.
- Usar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura de información e para presentar as súas producións.
- Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.
- Valorar a diversidade lingüística da comunidade autónoma.
- Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Le, en voz alta e en silencio, sen dificultade, diferentes tipos de textos sinxelos, adaptados á súa idade.
- Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa
- Elabora glosarios coas novas palabras.
- Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas como o título.
- Diferenza, con axuda, entre información e publicidade.
- Usa, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.
- Expresa de forma global ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.
- Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinións dos e das demais.
- Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas.
- Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.
- Comprende de forma global o contido principal de diferentes tipos de textos.
- Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.

- Reproduce textos ditados sinxelos.
- Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos, inclinación de liñas, etc.
- Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non respectuosa coas diferencias.
- Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar o nome, substituír o nome, expresar características do nome, expresar accións.
- Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos.
- Utiliza as normas ortográficas básicas.
- Clasifica e usa os tipos de nomes para elaborar textos escritos sinxelos.
- Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
- Aplica, con axuda, normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas producións escritas.
- Usa signos de puntuación nas súas composicións escritas.
- Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.
- Valora a diversidade lingüística da comunidade autónoma.
- Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece

MATEMÁTICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.
- Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.
- Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.
- Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

- Seleccionar e usar instrumentos e unidades de medida usuais, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, peso/masa, capacidade e tempo, en contextos reais.
- Operar con diferentes medidas de lonxitude peso/masa, capacidade e tempo.
- Usar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.
- Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade do coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.
- Identificar figuras planas e corpos xeométricos, nomeando e recoñecendo os seus elementos básicos (lados, vértices, caras, arestas e ángulos)
- Coñecer e distinguir a circunferencia e o círculo, así como os seus elementos básicos.
- Coñecer e diferenciar os poliedros e os corpos redondos, así como os seus elementos básicos.
- Saber o que é un ángulo e as clases de ángulos.
- Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos , relacións entre datos, contexto do problema, pregunta realizada).
- Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.
- Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude, capacidade, masa ou peso.
- Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
- Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple.
- Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
- Coñece e utiliza as equivalencias entre diversas unidades de medida da mesma

magnitude.

- Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias usadas en todos os procedementos realizados.
- Resolve problemas da vida diaria usando as unidades de medida máis usuais.
- Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice).
- Coñece e diferencia a circunferencia do círculo e distingue os seus elementos.
- Identifica corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide, cilindro, cono, esfera,...)
- Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos.
- Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, usándoos para construír táboas e gráficas.
- Ordena datos rexistrados atendendo a n criterio de clasificación.
- Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.
- Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.
- Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.
- Adquirir capacidades para tomar decisións, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.
- Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.
- Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.
- Expresar opinións, emocións e sentimentos empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.
- Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar axeitada aos interlocutores e

ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.

- Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.
- Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.
- Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo punto de vista e sentimentos.
- Participar activamente na vida cívica a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres.
- Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Aplica o autocontrol á toma de decisións.
- Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.
- Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.
- Define e formula claramente problemas de convivencia.
- Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións.
- Expón respectuosamente os argumentos.
- Expresa abertamente as propias ideas.
- Emprega a linguaxe positiva.
- Emprega diferentes habilidades sociais básicas.
- Respecta e acepta as diferenzas individuais.
- Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.
- Establece relacións de confianza cos iguais e coas persoas adultas.
- Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
- Practica as estratexias de axuda entre iguais.

- Respecta as normas do centro escolar.
- Analiza as emocións e sentimentos das partes en conflito..
- Explica as causas e consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios.
- Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, facendo fincapé na cultura propia.
- Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.
- Coidar o materia le os espazos e utilízalos axeitadamente.
- Respetar e valorar o traballo individual e en grupo.
- Usar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas especiais.
- Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións.
- Utiliza cores (primarios e mesturados) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.
- Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas,... para a composición de obras.
- Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.
- Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.
- Completa figuras seguindo as liñas como guía.
- Combina técnicas de picado, encartado e pegado.

- Usa a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada.
- Usa a técnica de colaxe con limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas.
- Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría.
- Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado.
- Debuxa a figura humana, usando a cuadrícula para alcanzar as proporcións axeitadas.
- Coida e usa adecuadamente os recursos de traballo.
- Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foron encomendadas.
- Usa as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico.
- Usa as novas tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

A metodoloxía a seguir neste último trimestre será totalmente diferente á planificada ao inicio de curso, posto que nos atopamos nunha situación extraordinaria que fai que cada alumno participe dentro das súas posibilidades. Ao longo desta avaliación profundaremos no repaso, reforzo e recuperación dos contidos e competencias traballados nos primeiros trimestres, así como na ampliación e tratamento de outros novos.

Tentaremos que a relación co noso alumnado sexa o máis amena posible, na que se estableza unha relación de afecto e confianza. Con certa frecuencia, comprobaremos o aprendido a través de chamadas ou videochamadas co noso alumnado e iremos incorporando as modificacións que sexa necesarias nas estratexias de aprendizaxe empregadas. O alumnado terá coñecemento da temporalización das actividades e da súa organización a través da aula virtual de cuarto curso, na que cada alumno está matriculado e conta cun usuario e contrasinal individual para entrar, visualizar as tarefas diarias e realizar aquelas actividades interactivas. Dadas as condicións de traballo será fundamental manter unha relación de colaboración e coordinación coas familias do noso alumnado. RECURSOS E ACTIVIDADES • Material editorial (grazas á disposición do equipo directivo e á colaboración do concello enviáronse os libros do alumnado ás súas casas). • Ciencias Sociais – Ed. SM

• Ciencias Naturais – Ed. SM

- Lingua Castelá – Ed. Santillana.
- Lingua Galega – Ed. Santillana.
- Matemáticas – Ed. Anaya
- Fichas de reforzo.
- Aula virtual e todas as posibilidades que o seu uso nos proporciona (actividades interactivas) • Páxina web do centro e a outras páxinas educativas de interese.
- Teléfono móbil, ordenador, tablet e conexión a internet.
- Recursos das editoriais (libros dixitais, material de reforzo on line,...)
- Desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado. Serán globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, promovendo o traballo colaborativo entre os equipos docentes das distintas áreas e materias cando sexa posible. • Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a superar a materia, co obxectivo de que poidan continuar o seu itinerario formativo.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Daremos resposta á diversidade a través da planificación dun proceso de ensinanza-aprendizaxe o máis individualizado posible. Intentarase continuar cos apoios de PT e AL, na aula de 3º B para unha alumna con A.C., e de PT para dous alumnos de 3º A e o reforzo educativo por parte da mestra do programa REFORZA-T con alumnado dos dous grupos e de reforzo por parte das mestras titoras dos alumnos que recibían apoio dentro da aula por parte doutro mestre con dispoñibilidade horaria. Atenderemos a esta diversidade no quefacer diario, aportando as axudas necesarias, tanto pedagóxicas como de acceso á aula virtual ou ao traballo proposto nela. En resumo, os alumnos/as serán atendidos segundo as súas limitacións e das necesidades que puideran aparecer, partindo sempre dunha atención individualizada na nosa intervención educativa.

En resumo, os alumnos/as serán atendidos segundo as súas limitacións e das necesidades que puideran aparecer, partindo sempre dunha atención individualizada na nosa intervención educativa.

AVALIACIÓN

Ao longo da terceira avaliación iremos recollendo información a través dos traballos que nos envíe o noso alumnado (vía Whatsapp, vía correo electrónico,...., en formato foto, pdf, ou como lles resulte máis cómodo ás familias) así como, das actividades interactivas que se propoñan na aula virtual (test, probas, preguntas sobre determinadas lecturas,...). O alumnado enviará o traballo cando o remate e procurará levar as tarefas ao día. Valorarase o envío do traballo diario, a limpeza na súa presentación, a actitude ante o traballo, así como, ante as correccións, pero sempre con carácter diagnóstico. A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. A nota final terá en conta as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres e, por ser avaliación continua, nunca será inferior á segunda. Valoraranse as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.

Emitirase un informe individual valorativo do traballo realizado polos alumnos e alumnas no curso, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación destes. Dito informe será tido en conta de cara a programación do curso 2020-2021.

MÍNIMOS ESIXIBLES E PROMOCIÓN

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continuas e finais de cada unha das áreas serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nesta programación e resumidos neste criterios de promoción:

ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

- Relacionase axeitadamente cos seus compañeiros e é quen de tomar as súas propias decisións. Comprende a igualdade entre homes e mulleres.
- Coñece como é o seu corpo, como cambia e como debe coidalo, practicando hábitos elementais de alimentación, posturas correctas, hixiene e descanso que favorecen a saúde.
- Coñécese a si mesmo. Emocións e sentimentos propios e alleos.

- Diferenza seres vivos de inertes. Identifica animais e plantas como seres vivos e coñece algunhas especies existentes en Galicia.
- Coñece as características dos seres vivos, as súas necesidades e os seus cambios.
- Clasifica os alimentos en función dos seus nutrientes principais.
- Valora a biodiversidade.
- Recoñece as fontes de enerxía e a súa intervención na vida cotiá e o seu uso responsable.
- Recicla e desenvolve actitudes individuais e colectivas para evitar problemas medioambientais.
- Coñece as características da auga e o seu ciclo.
- Identifica as distintas forzas que moven e deforman obxectos.
- Identifica e prepara mesturas.
- Coñece o funcionamento de máquinas sinxelas.
- Recoñece o uso das TICs para mellorar a vida e o traballo.

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

- Busca información usando as novas tecnoloxías.
- Participa na vida social e cumpre as normas de convivencia.
- Usa termos propios da aula.
- Coñece os planetas e os demais astros do Sistema Solar, a súa posición e movementos da Terra respecto ao Sol.
- Coñece as capas da Terra e a súa representación e mapas, planisferios,...
- Coñece o que é a atmosfera e os seus cambios. O tempo atmosférico e o clima.
- Diferenza os distintos tipos de paisaxes.
- Recoñece e localiza os elementos que forman a paisaxe de Galicia: relevo, clima, vexetación, fauna, vías de comunicación e poboación.
- Coñece e diferencia as divisións administrativas do Estado español: comunidade autónoma, comarca, municipio e provincia. Valora a importancia da súa participación nelas a través de mecanismos democráticos.
- Respecta o patrimonio natural, cultural e artístico, colaborando de forma activa na súa

conservación.

- Ordena temporalmente algúns feitos históricos relevantes e outros feitos referidos á evolución da vida cotiá: tipos de vivenda, a sociedade do pasado, ...
- Posúe coñecementos básicos sobre educación viaria e que contribúan a consolidar condutas e hábitos correctos.

ÁREA DE LINGUA

- Le oralmente coa debida entoación e soltura.
- Comprende o que le.
- Recoñece a orde alfabética e manexa do dicionario.
- Sabe redactar textos sinxelos coa axuda de imaxes e fai resumos de textos cursos.
- Compara textos orais sinxelos producidos en diferentes variedades dialectais do galego.
- Diferenza distintas clases de palabras: substantivos, adxectivos, artigos, posesivos, demostrativos, cuantificadores, pronomes persoais, verbo, adverbios e enlaces.
- Aplica as normas ortográficas básicas.
- Coñece e aplica as regras ortográficas do uso do til en palabras agudas, graves e esdrúxula.
- Identifica sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.
- Valora a literatura en calquera lingua e dramatiza textos literarios.
- Usa e valora a biblioteca e o seu funcionamento.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

- Recoñece, le, nomea, escribe e compara números ata o 10000.
- Domina os números naturais e as operacións básicas de suma e resta e a súa aplicación na resolución de problemas.
- Identifica e usa os termos da multiplicación e da división.
- Resolve problemas sinxelos de operacións combinadas.
- Coñece e realiza medidas de lonxitude, peso e capacidade; sabe pasar dunha unidade a outra maior ea unha unidade menor.
- Recoñece e clasifica algúns corpos xeométricos e calcula o seu perímetro.
- Coñece a equivalencia entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades,

decenas, centenas e millares.

- Utiliza o sistema monetario europeo (euro) e coñece o valor das moedas e billetes.
- Compara e clasifica ángulos.
- Representa en planos e maquetas liñas de percorridos, curvas,...
- Interpreta e realiza gráficas sinxelas: pictogramas, diagramas ,...

A promoción de curso será a norma xeral, considerándose a repetición de curso una medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas, e deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumno ou alumna.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

As mestras de terceiro nivel avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a nosa propia práctica docente, para o que se establecen a nivel de centro uns indicadores de logro como os que se especifican a continuación:

	Óptima	Boa	Mellorable	Mala
A adecuación dos obxectivos e contidos ás características e necesidades do alumnado foi...				
A adecuación dos criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado foi...				
As aprendizaxes acadadas polo alumnado foron ...				
As medidas ordinarias de atención á diversidade dentro da aula foron...				
As medidas de atención á diversidade para o alumnado con graves dificultades foron...				
A programación didáctica e o seu desenvolvemento foi...				
A organización da aula para desenvolver as programacións foi...				
O aproveitamento de recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver a programación foi...				
Os procedementos de avaliación do alumnado foron...				
A coordinación do profesorado de cada curso foi...				
A coordinación do profesorado de cada curso cos dos cursos anteriores foi...				

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Esta programación estará a disposición das familias. Informarase por medio da aula virtual, á que acceden habitualmente, da maneira de poder acceder a ela.